



1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 9178-306 para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2013

2º.- Aproba-lo prego de clausulas administrativas para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2013 de data 14-05-2013.

3º.- Convoca-lo procedemento aberto para o outorgamento das autorizacións mediante a inxerción do correspondente anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia.

**3(523).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5896/113.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 8.05.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do concello de Vigo (expediente 5896-113) no seguinte orde decrecente:

- Union Temporal de Empresas formada por Telefónica de España S.A.U. E Telefónica Móviles España, S.A.U.	93,062 puntos.
- Vodafone España, S.A.U.	83,375 puntos.

2º.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar, Union Temporal de Empresas formada por Telefónica de España S.A.U. E Telefónica Móviles España, S.A.U para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

3º.-Requerir ó citado licitador o aboamento de 1.335,05 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

4º.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

**4(524).- PROPOSTA DA COMISIÓN XESTORA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS) PARA OUTORGAMENTO DE AXUDAS SOCIAIS EXTRAORDINARIAS NA CONVOCATORIA 2013. EXPTE. 24074/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 9.05.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) en data 07/05/2013 e, en consecuencia, aprobar o outorgamento das axudas sociais extraordinarias ao persoal municipal correspondentes á convocatoria 2013, por un importe total de 1.308.872 euros, nos termos do establecido no Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220- publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013) e segundo o establecido nos folios 1 ao 23 do anexo único incorporado ao expediente, que forma parte inseparable do mesmo, comenzando a relación por ABAD ESCOBAR, JOSEFA ALICIA, e rematando por VIVERO MIJARES, ANTONIO.

2º.- Denegar, de conformidade coa proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) en data 07/05/2013, as axudas sociais extraordinarias ao persoal municipal correspondentes á convocatoria 2013 segundo o establecido nos folios 22 e 23 do anexo único incorporado ao presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo, comenzando a relación de axudas denegadas por ALONSO ALONSO, CARLOS, e rematando por VIEIRA PARADA, ANA BELÉN.

3º.- Notificar o seguinte acordo ao Sr. Presidente da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos oportunos e da debida difusión do contido do mesmo, nos termos do recollido no Regulamento rector.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.